

VOTO POR CORREO DENDE FORA DO TEU CONCELLO

Se non vas estar o 22 de maio no concello onde che corresponde exercer o teu dereito ao voto, podes votar por correo, solicitándoo á **DELEGACIÓN PROVINCIAL DA OFICINA DO CENSO ELECTORAL**.

PASOS A SEGUIR:

a) A partires do día **29 DE MARZO e ata o 12 DE MAIO** podes solicitar en calquera oficina de Correos un certificado de inscrición no censo.

b) A solicitude deberás facela persoalmente levando o DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE ORIXINAL (non serve unha fotocopia).

c) **En caso de enfermidade ou incapacidade** que che impida formular persoalmente esta solicitude, poderás facelo autorizando notarial o consularmente a outra persoa. Eso si, nestes casos deberás acreditar por medio de certificación médica oficial, a existencia desa enfermidade ou incapacidade.

A persoa autorizada para solicitar o certificado de inscrición no censo en nome de outro, só o poderá facer en nome DE UNHA persoa, NUNCA DE VARIOS ELECTORES.

A Oficina do Censo Electoral remitirá por correo certificado ao domicilio do elector, as papeletas e sobres electorais xunto co certificado.

É IMPRESCINDIBLE QUE ESTA DOCUMENTACIÓN SEXA RECOLLIDA PERSOALMENTE POLO PROPIO INTERESADO, IDENTIFICÁNDOSE.



No caso de non atoparse no seu domicilio, comunicaráselle a Oficina de Correos na que debe recoller, **PERSOALMENTE E CO DNI ORIXINAL**, a súa documentación.

Tes ata o **18 DE MAIO** para enviar o teu voto ás **MESAS ELECTORAIS** sempre certificándoo, gratuitamente, en calquera Oficina de Correos.

PRAZOS:

**COMEZO PRAZO SOLICITUDE VOTO POR CORREO: 29 de
marzo**

FIN PRAZO SOLICITUDE VOTO POR CORREO: 12 de maio
ENVÍO AOS DOMICILIOS DA DOCUMENTACIÓN
NECESARIA PARA VOTAR: entre o 2 e o 15 de maio
**FIN PRAZO PARA ENVIAR VOTO POR CORREO: 18 de
maio**